

## Código de conduta para as estatísticas europeas

Versión de 2011

Adoptado polo Comité do Sistema Estadístico Europeo o 28 de setembro de 2011

---

### Preámbulo

#### A visión do Sistema Estadístico Europeo<sup>1</sup>

«O Sistema Estadístico Europeo será un líder mundial en servizos de información estatística e o fornecedor máis importante de información para a Unión Europea e os seus Estados membros. Sobre a base de principios e métodos científicos, o Sistema Estadístico Europeo ofrecerá e mellorará continuamente un programa de estatísticas europeas harmonizadas que constituirá unha base esencial para os procesos democráticos e os avances na sociedade.»

#### A misión do Sistema Estadístico Europeo

«Subministramos á Unión Europea, ao mundo e ao público en xeral información independente de gran calidade sobre a economía e a sociedade a nivel europeo, nacional e rexional, e poñemos a información a disposición de todos con fins de toma de decisións, investigación e debate.»

Co obxecto de facer realidade esta misión e esta visión, os membros do Sistema Estadístico Europeo esfórzanse por cooperar e interactuar continuamente cos usuarios, seguindo os principios do Código de conduta das estatísticas europeas e os principios xerais de xestión da calidade, que inclúen o compromiso de liderado, a colaboración, a satisfacción do persoal e a mellora continua, ademais da integración e a harmonización.

#### O Código de conduta das estatísticas europeas

O Código de conduta das estatísticas europeas baséase en quince principios, que abranguen o ámbito institucional, os procesos de elaboración de estatísticas e a produción estatística. Un grupo de indicadores de boas prácticas para cada un dos principios proporciona referencias para analizar a aplicación do Código. Os criterios de calidade das estatísticas europeas establécense na Lei Estatística Europea<sup>2</sup>.

As autoridades estatísticas<sup>3</sup>, a saber, a Comisión (Eurostat), os institutos nacionais de estatística e outras autoridades nacionais responsables do desenvolvemento, a elaboración e a

---

<sup>1</sup> Regulamento (CE) n.º 223/2009, artigo 4.

<sup>2</sup> Regulamento (CE) n.º 223/2009, artigo 12.

<sup>3</sup> Regulamento (CE) n.º 223/2009, artigos 4 e 5.

difusión das estatísticas europeas<sup>4</sup>, xunto cos gobernos, os ministerios e o Consello Europeo, comprométense a aplicar o Código.

Os principios do Código de conduta, xunto cos principios xerais de xestión da calidade, constitúen un cadro común de calidade para o Sistema Estadístico Europeo.

## Código de conduta das estatísticas europeas

### Ámbito institucional

Os factores institucionais e organizativos teñen unha influencia considerable na eficacia e a credibilidade dunha autoridade estatística que desenvolve, elabora e difunde estatísticas europeas. Os aspectos relevantes son a independencia profesional, o mandato de recolla de datos, a adecuación dos recursos, o compromiso de calidade, a confidencialidade estatística, así como a imparcialidade e a obxectividade.

#### Principio 1: Independencia profesional

A independencia profesional das autoridades estatísticas fronte a outros departamentos e organismos políticos, reguladores ou administrativos, e fronte aos operadores do sector privado, garante a credibilidade das estatísticas europeas.

**Indicador 1.1:** A independencia dos institutos nacionais de estatística e de Eurostat fronte ás inxerencias externas, tanto políticas coma doutro tipo, no desenvolvemento, a elaboración e a difusión de estatísticas está establecida por lei e garantida para outras autoridades estatísticas.

**Indicador 1.2:** Os directores dos institutos nacionais de estatística e de Eurostat e, se é o caso, os directores doutras autoridades estatísticas teñen un nivel xerárquico o suficientemente elevado como para garantir un acceso de alto nivel ás autoridades políticas e aos organismos públicos administrativos; son persoas do máis alto talle profesional.

**Indicador 1.3:** Os directores dos institutos nacionais de estatística e de Eurostat e, se é o caso, os directores doutras autoridades estatísticas teñen a responsabilidade de garantir que as estatísticas se desenvolven, elaboran e difunden de forma independente.

**Indicador 1.4:** Os directores dos institutos nacionais de estatística e de Eurostat e, se é o caso, os directores doutras autoridades estatísticas son os únicos responsables para decidir os métodos, as normas e os procedementos estatísticos, así como o contido e o calendario das comunicacións estatísticas.

**Indicador 1.5:** Publícanse os programas de traballo estatístico e descríbense os progresos realizados en informes periódicos.

---

<sup>4</sup> Regulamento (CE) n.º 223/2009, artigo 1. O Código de Boas Prácticas, para referirse a «outras autoridades nacionais responsables do desenvolvemento, a elaboración e a difusión das estatísticas europeas», utiliza a expresión «outras autoridades estatísticas».

**Indicador 1.6:** As comunicacións estatísticas distínguense claramente das declaracións políticas e emítense á marxe destas.

**Indicador 1.7:** O instituto nacional de estatística, Eurostat e, no seu caso, outras autoridades estatísticas realizan comentarios públicos sobre cuestións estatísticas, incluíndo críticas e usos inadecuados das estatísticas oficiais cando procede.

**Indicador 1.8:** O nomeamento dos directores dos institutos nacionais de estatística, de Eurostat e, no seu caso, doutras autoridades estatísticas baséase unicamente na capacidade profesional. As razóns polas que se pode poñer fin ao exercicio dun cargo determínanse no marco legal e non poden ser razóns que comprometan a independencia profesional ou científica.

## **Principio 2: Mandato para recolla de datos**

As autoridades estatísticas teñen un mandato xurídico claro para recoller información destinada á elaboración de estatísticas europeas. A petición das autoridades estatísticas, pódese obrigar por lei ás administracións, as empresas, os fogares e o público en xeral a permitir o acceso aos datos destinados á elaboración de estatísticas europeas ou a facilitar os devanditos datos.

**Indicador 2.1:** O mandato das autoridades estatísticas de recollida de datos para o desenvolvemento, a elaboración e a difusión de estatísticas europeas está establecido por lei.

**Indicador 2.2:** As autoridades estatísticas están autorizadas por lei a utilizar datos administrativos con fins estatísticos.

**Indicador 2.3:** Sobre a base dun acto xurídico, as autoridades estatísticas poden obrigar a responder a enquisas estatísticas.

## **Principio 3: Adecuación dos recursos**

Os recursos a disposición das autoridades estatísticas son suficientes para cumprir os requisitos das estatísticas europeas.

**Indicador 3.1:** Dispónse de recursos humanos, financeiros e informáticos adecuados tanto en tamaño como en calidade para cumprir as necesidades actuais en materia de estatística.

**Indicador 3.2:** O ámbito, o detalle e o custo das estatísticas son proporcionados con respecto ás necesidades.

**Indicador 3.3:** Existen procedementos para avaliar e xustificar as solicitudes de novas estatísticas en relación co seu custo.

**Indicador 3.4:** Existen procedementos para avaliar a necesidade de realizar cada estatística, co fin de determinar se algunha delas pode eliminarse ou reducirse, para liberar recursos.

#### **Principio 4: Compromiso de calidade**

As autoridades estatísticas están comprometidas coa calidade; identifican sistemática e regularmente os puntos fortes e débiles para mellorar continuamente a calidade do proceso e do produto.

**Indicador 4.1:** Hai unha política de calidade definida e está a disposición do público. Dispónse dunha estrutura e unhas ferramentas organizativas para xestionar a calidade.

**Indicador 4.2:** Establecéronse procedementos para a planificación e o seguimento da calidade do proceso de elaboración de estatísticas.

**Indicador 4.3:** A calidade do produto contrólase con regularidade, avalíase con respecto a posibles compromisos entre compoñentes de calidade e é obxecto de informes conforme aos criterios de calidade das estatísticas europeas.

**Indicador 4.4:** Lévese a cabo unha análise periódica e minuciosa da produción estatística clave, recorrendo mesmo a expertos externos cando é necesario.

#### **Principio 5: Confidencialidade estatística**

A privacidade dos informantes (fogares, empresas, administracións e outros enquisados), a confidencialidade da información que proporcionan e o seu uso exclusivo con fins estatísticos están totalmente garantidos.

**Indicador 5.1:** A confidencialidade estatística está garantida por lei.

**Indicador 5.2:** O persoal estatístico asina un compromiso xurídico de confidencialidade cando é contratado.

**Indicador 5.3:** Establecéronse sancións por calquera incumprimento deliberado da confidencialidade estatística.

**Indicador 5.4:** Proporcionáanse ao persoal estatístico instrucións e orientacións sobre a protección da confidencialidade estatística nos procesos de produción e difusión. A política de confidencialidade está a disposición do público.

**Indicador 5.5:** Existen disposicións físicas, tecnolóxicas e organizativas para protexer a seguridade e a integridade das bases de datos estatísticas.

**Indicador 5.6:** Aplícanse protocolos estritos aos usuarios externos que acceden a microdatos estatísticos con fins de investigación.

## Principio 6: Imparcialidade e obxectividade

As autoridades estatísticas desenvolven, elaboran e difunden estatísticas europeas respectando a independencia científica e de forma obxectiva, profesional e transparente, de modo que todos os usuarios reciben o mesmo trato.

**Indicador 6.1:** As estatísticas recompílanse sobre unha base obxectiva determinada por consideracións estatísticas.

**Indicador 6.2:** A elección das fontes e os métodos estatísticos, así como as decisións en canto á difusión das estatísticas, baséanse en consideracións estatísticas.

**Indicador 6.3:** Os erros detectados nas estatísticas publicadas corríxense o antes posible e fanse públicos.

**Indicador 6.4:** A información sobre os métodos e procedementos utilizados está a disposición do público.

**Indicador 6.5:** Anúncianse con antelación a data e a hora de publicación das estatísticas.

**Indicador 6.6:** Anúncianse por adiantado as revisións ou cambios importantes na metodoloxía.

**Indicador 6.7:** Todos os usuarios teñen igual acceso e simultaneamente á publicación de estatísticas. O acceso privilexiado de calquera usuario externo previo á publicación xeral establecida ten carácter limitado, controlado e público. Se se producen filtracións, revísanse os acordos de acceso privilexiado co fin de garantir a imparcialidade.

**Indicador 6.8:** As publicacións e declaracións estatísticas realizadas en roldas de prensa son obxectivas e imparciais.

## Procesos estatísticos

As normas, orientacións e boas prácticas, tanto europeas coma internacionais, respéctanse plenamente nos procesos utilizados polas autoridades estatísticas para organizar, recoller, elaborar e difundir as estatísticas europeas. A credibilidade das estatísticas vese reforzada por unha reputación de boa xestión e eficacia. Os aspectos relevantes son unha metodoloxía sólida, uns procedementos estatísticos axeitados, unha carga non excesiva para os enquisados e a relación custo-eficacia.

## Principio 7: Metodoloxía sólida

As estatísticas de calidade apóianse nunha metodoloxía sólida, que require ferramentas, procedementos e coñecementos axeitados.

**Indicador 7.1:** O marco metodolóxico xeral das estatísticas europeas segue normas, orientacións e boas prácticas tanto europeas coma internacionais.

**Indicador 7.2:** Dispónse de procedementos para garantir que a autoridade estatística na súa totalidade aplica de xeito coherente conceptos, definicións e clasificacións estándar.

**Indicador 7.3:** O ficheiro de empresas e o marco das enquisas de poboación avalíanse periodicamente e, no seu caso, axústanse para garantir un alto nivel de calidade.

**Indicador 7.4:** Existe unha concordancia detallada entre os sistemas de clasificación nacionais e os correspondentes sistemas europeos.

**Indicador 7.5:** Contrátanse titulados nas disciplinas académicas pertinentes.

**Indicador 7.6:** As autoridades estatísticas establecen unha política de formación profesional continua para o seu persoal.

**Indicador 7.7:** Coopérase coa comunidade científica para mellorar a metodoloxía e a eficacia dos métodos aplicados e para promover mellores ferramentas cando sexa viable.

## **Principio 8: Procedementos estatísticos axeitados**

As estatísticas de calidade apóianse en procedementos estatísticos axeitados, aplicados dende a recolla dos datos ata a validación destes.

**Indicador 8.1:** Cando as estatísticas europeas se basean en datos administrativos, as definicións e os conceptos utilizados con fins administrativos son unha boa aproximación aos requiridos para fins estatísticos.

**Indicador 8.2:** No caso das enquisas estatísticas próbanse sistematicamente os cuestionarios antes da recolla de datos.

**Indicador 8.3:** O deseño das enquisas, a selección das mostras e os métodos de estimación están ben fundamentados, analízanse periodicamente e revísanse se é necesario.

**Indicador 8.4:** A recollida de información, a entrada de datos e a codificación contrólense regularmente e revísanse sempre que é necesario.

**Indicador 8.5:** Utilízanse métodos de depuración e de imputación axeitados, analízanse regularmente e revísanse ou actualízanse cando é necesario.

**Indicador 8.6:** As revisións seguen procedementos normalizados, consolidados e transparentes.

**Indicador 8.7:** As autoridades estatísticas participan no deseño dos datos administrativos para adecualos en maior medida aos fins estatísticos.

**Indicador 8.8:** Establécense acordos cos propietarios dos datos administrativos, nos que se establece o compromiso común para o uso dos devanditos datos con fins estatísticos.

**Indicador 8.9:** As autoridades estatísticas colaboran cos propietarios dos datos administrativos para garantir a calidade dos datos.

## **Principio 9: Carga non excesiva para os enquisados**

A carga de resposta é proporcional ás necesidades dos usuarios e non é excesiva para os enquisados. As autoridades estatísticas controlan a carga que supón responder á enquisa e fixan obxectivos para reducila progresivamente.

**Indicador 9.1:** O alcance e o detalle das esixencias en materia de estatísticas europeas limítanse ao estritamente necesario.

**Indicador 9.2:** A carga de resposta repártese o máis amplamente posible entre as poboacións obxecto da enquisa.

**Indicador 9.3:** Na medida do posible, pódese acceder doadamente á información que se solicita das empresas a partir das súas contas e, cando é posible, utilízanse medios electrónicos para facilitar a súa transmisión.

**Indicador 9.4:** Sempre que é posible utilízanse fontes administrativas para evitar que se dupliquen as solicitudes de información.

**Indicador 9.5:** Compartir datos entre as autoridades estatísticas xeneralízase para evitar a multiplicación de enquisas.

**Indicador 9.6:** Co fin de reducir a carga de resposta, as autoridades estatísticas promoven medidas que permiten conectar as distintas fontes de datos.

## **Principio 10: Relación custo/eficacia**

Os recursos utilízanse eficientemente.

**Indicador 10.1:** Medidas internas e externas independentes controlan o uso de recursos pola autoridade estatística.

**Indicador 10.2:** O potencial produtivo das tecnoloxías da información e as comunicacións utilízase para optimizar a recollida de datos, o procesamento de datos e a súa difusión.

**Indicador 10.3:** Realízanse esforzos proactivos para mellorar o potencial estatístico dos datos administrativos e limitar o recurso a enquisas directas.

**Indicador 10.4:** As autoridades estatísticas promoven e aplican solucións normalizadas que melloran a eficacia e a eficiencia.

## Producción estatística

As estatísticas dispoñibles satisfán as necesidades dos usuarios. As estatísticas cumpren as normas de calidade europeas e responden ás necesidades das institucións europeas, dos gobernos, dos centros de investigación, das empresas e do público en xeral. Os aspectos a ter en conta son a medida en que as estatísticas son relevantes, precisas e fiables, oportunas, coherentes e comparables entre rexións e países, e prontamente accesibles para os usuarios.

### Principio 11: Relevancia

As estatísticas europeas satisfán as necesidades dos usuarios.

**Indicador 11.1:** Existen procedementos para consultar aos usuarios, controlar a relevancia e a utilidade das estatísticas existentes polo que se refire ás súas necesidades e para considerar as súas novas necesidades e prioridades.

**Indicador 11.2:** Satisfanse as necesidades prioritarias e reflíctense no programa de traballo.

**Indicador 11.3:** Realízase un control periódico e un seguimento sistemático da satisfacción dos usuarios.

### Principio 12: Precisión e fiabilidade

As estatísticas europeas reflicten a realidade de xeito preciso e fiable.

**Indicador 12.1:** Os datos orixinais, os resultados intermedios e os produtos estatísticos avalíanse e válidanse periodicamente.

**Indicador 12.2:** Os erros de mostraxe e alleos á mostraxe calcúlanse e documéntanse sistematicamente conforme ás normas europeas.

**Indicador 12.3:** Analízanse periodicamente as revisións co fin de mellorar os procesos estatísticos.

### Principio 13: Oportunidade e puntualidade

As estatísticas europeas fanse públicas oportuna e puntualmente.

**Indicador 13.1:** O calendario de publicación das estatísticas é conforme ás normas sobre comunicación europeas e internacionais.

**Indicador 13.2:** Faise pública unha hora determinada do día para a publicación de estatísticas.

**Indicador 13.3:** A periodicidade das estatísticas conta cos requisitos dos usuarios na medida do posible.

**Indicador 13.4:** Cando non se cumpre o calendario previsto de publicación, notifícase por adiantado, danse explicacións e establécese unha nova data.



**Indicador 13.5:** Poden facerse públicos resultados preliminares cunha precisión aceptable se se considera útil.

#### **Principio 14: Coherencia e comparabilidade**

As estatísticas europeas son consistentes internamente, ao longo do tempo e comparables entre rexións e países; é posible combinar e utilizar conxuntamente datos relacionados procedentes de fontes diferentes.

**Indicador 14.1:** As estatísticas son coherentes e consistentes internamente (é dicir, obsérvanse identidades aritméticas e contables).

**Indicador 14.2:** As estatísticas son comparables durante un período de tempo razoable.

**Indicador 14.3:** As estatísticas recompílanse sobre a base de normas comúns con respecto ao alcance, as definicións, as unidades e as clasificacións nas distintas enquisas e fontes.

**Indicador 14.4:** As estatísticas procedentes de distintas fontes e con distinta periodicidade compáranse e axústanse entre si.

**Indicador 14.5:** A comparabilidade transnacional dos datos dentro do Sistema Estadístico Europeo garántese mediante intercambios periódicos entre o devandito Sistema e outros sistemas estadísticos. Realízanse estudos metodolóxicos en estreita colaboración entre os Estados membros e Eurostat.

#### **Principio 15: Accesibilidade e claridade**

As estatísticas europeas preséntanse de forma clara e comprensible, difúndense de forma axeitada e conveniente, a súa dispoñibilidade e acceso teñen carácter imparcial e van acompañadas de metadatos e orientación de apoio.

**Indicador 15.1:** As estatísticas e os metadatos correspondentes preséntanse e arquívanse de tal forma que facilitan a interpretación axeitada e as comparacións significativas.

**Indicador 15.2:** Os servizos de difusión utilizan unha tecnoloxía moderna de información e comunicación e, se procede, copia impresa tradicional.

**Indicador 15.3:** Cando é posible, subminístranse análises á medida e infórmase diso o público.

**Indicador 15.4:** O acceso aos microdatos está permitido con fins de investigación e está suxeito a normas ou protocolos específicos.

**Indicador 15.5:** Os metadatos están documentados conforme a sistemas de metadatos normalizados.

**Indicador 15.6:** Mantense informados os usuarios sobre a metodoloxía dos procesos estadísticos, incluído o uso de datos administrativos.



**Indicador 15.7:** Mantense informados os usuarios sobre a calidade da produción estatística con respecto aos criterios de calidade das estatísticas europea